

CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2020 - 1ª FASE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 17 de xuño ata o 31 de decembro de 2020. A relación de clubs é a seguinte:

001 Ensino Lugo Club de Baloncesto
002 Club Universitario de Ferrol
003 Club Deportivo Bosco
004 Agrupación Deportiva Cortegada
005 Club Baloncesto Arxil
006 Maristas Coruña
007 Fundación Educación e Deporte de Santiago – FEDESA
008 Club Carmelitas Vedruna
010 Club Orense Baloncesto S.A.D.
012 Club Baloncesto Peixefresco Marín
013 Club Balonmano Porriño
014 Club Balonmán Atlético Guardés
015 Asociación Deportiva Carballal
016 Sociedad Atlético Redondela
017 Unión Balonmán Lavadores
018 Club Balonmano Porriño B
019 Club Balonmán Cangas
020 Sociedad Deportiva Teucro Pontevedra
021 Club Cisne Balonmano
022 Sociedad Deportiva Atlético Novás
023 Club AMFIV
024 Club Basketmi Ferrol
026 Club Peluquería Mixta Friol
027 Victoria C.F.
028 Sárdoma Club Fútbol
029 Club Victoria de Santiago Fútbol
030 Club Deportivo valladares
031 Club Atlético Arousana
033 Viajes Interrías Fútbol feminino
034 Umia CF
035 Corujo Club de Fútbol
036 Pontevedra CF, SAD
037 Racing Club de Ferrol SAD (2ª división B)
039 Ourense Club de Fútbol S.A.D.
040 Club Deportivo Burela Fútbol Sala (feminino)



041 Club Poio Fútbol Sala
042 Cidade de As Burgas Fútbol Sala
043 Club Viaxes Amarelle FSF
045 Asociación Educativa e Deportiva O Fisgón
046 A Fervenza F. S. F.
047 Ourense Club de Fútbol S.A.D. B
048 FSF Castro Bloques Cando
049 O Parrulo Fútbol Sala
050 Club Deportivo Burela Fútbol Sala (masculino)
051 Santiago Futsal
052 Noia Fútbol Sala
053 Club Hockey Barrocás
054 Hockey Club Liceo
055 Hockey Club Liceo B
056 C Compañía de María
057 Club AA Dominicos
058 Club de Arquitectura Técnica (feminino)
059 Vigo Rugby Club
060 Campus Universitario Ourense Rugby
061 Club Emevé (feminino)
062 Club Instituto Zalaeta
063 Club Voleibol Ourense
064 Club Voleibol Bruxas (feminino)
065 Club Emevé (masculino)
066 Club Deportivo Aldebarán de San Saturniño
067 Club Vigo Voleibol
068 Club Voleibol Cabo de Cruz
069 Club de Fútbol Dumbría
070 Club Deportivo Padre Faustino
071 Club Voleibol Bruxas (masculino)
072 Club Tenis de Mesa Cidade de Narón (feminino)
073 Tenis de Mesa Monte Porreiro (feminino)
074 Illas Cies Tenis de Mesa
075 Cinania TM
076 Arteal Tenis de Mesa
077 Agrupación Deportiva Vincios
078 Tenis de Mesa Monte Porreiro (masculino)
079 Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa
080 Club Cambados Tenis de Mesa
081 Club Tenis de Mesa Cidade de Narón (masculino)
082 Club Hockey Femenino Meigas
083 Club Patíns Lóstregos Lucas
084 Club Bádminton As Neves
085 Club Bádminton Ravachol pontevedra
086 Zalaeta 100Tolos (feminino)
087 Club Esgrima Coruña (feminino)
088 Club Esgrima Coruña (masculino)
089 Zalaeta 100Tolos (espada masculino)
090 Club de Esgrima de Vigo El Olivo
091 Zalaeta 100Tolos (florete masculino)
092 Escola Deportiva Val Miñor-Caixa Nova
093 Ural Club de Fútbol
094 Racing Club de Ferrol SAD
095 Club Deportivo Calasanz
096 Club Deportivo Conxo Santiago



Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego e ABANCA así como a colaboración das partes na promoción do deporte de alta competición en Galicia, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2020 - 1ª Fase.

Este patrocinio desenvólvese conforme ás prestacións publicitarias obrigadas e á proposta de melloras publicitarias presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2020 – 1ª Fase.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. A Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. A Fundación, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2020 – 1ª Fase, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. As Entidades conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Esta iniciativa, que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos. Tal foi o caso de Abanca Corporación Bancaria S.A. (ABANCA), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste plan no ano 2015.
- V. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como patrocinador oficial do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA.
- VI. Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para este ano 2020, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego.
- VII. O Plan de Patrocinio conta con dúas liñas de patrocinio:



- a. Patrocinio con cargo á liña específica Xunta de Galicia-Deporte Galego.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VIII. As Entidades manifestaron na solicitude o desexo de acceder ás dúas liñas de patrocinio, presentando ademais a proposta de melloras para ambas dúas.
- IX. Logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adxudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio só para o primeiro dos dous apartados sinalados anteriormente.
- X. Conforme a todo o referenciado, as Partes, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluíron o ánimo de lucro, e non poideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 1 de setembro de 2020

